## CONFERENCIA DE CONSEJOS SOCIALES DE LAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS.

### Xornadas de Presidentes e Secretarios de Consellos Sociais:

**Xuntanza da Asemblea Xeral da "Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas" celebrada os días 12, 13 e 14 de novembro de 2014 na Universidade de Jaén.** As xornadas levaron por título "Universidad y Desarrollo Territorial" e contou con conferencias como: "El papel de la Universidad en el Desarrollo territorial"; "La Universidad ante el desempleo. Un reto inexcusable"; e "Transferencia de Conocimiento para la Innovación". Asemade aprobouse o orzamento da Conferencia para o ano 2015, deuse conta das actuacións levadas a cabo polas distintas Comisións da Conferencia, e presentouse o estudo sobre empregabilidade elaborado xunto co Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

### Reunións da Comisión de Secretarios de Consellos Sociais:

O Secretario do Consello Social asistiu en calidade de vogal ás seguintes reunións:

### 27 DE XUÑO (CASTELLDEFELS)

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.
2. Exposición das conclusións dos grupos de traballo.
3. Servizo de control interno e a súa dependencia dos Consellos Sociais.
4. Propostas de temas para vindeiros encontros técnicos de Secretarios.
5. Informe do Secretario Xeral da Conferencia.
6. Informe da Presidenta.
7. Rogos e preguntas

### 12 DE NOVEMBRO (JAÉN)

1. Aprobación, no seu caso da acta da sesión anterior.
2. Presentación da recompilación dos plans de actuación dos Consellos Sociais. Estrutura e contido mínimo.
3. Servizo de control interno e a súa dependencia dos Consellos Sociais.
4. Propostas para posibles encontros técnicos de Secretarios. Acordos que procedan.
5. Informe da actividade da Executiva da Comisión de Secretarios.
6. Informe do Secretario Xeral da Conferencia.
7. Rogos e preguntas

*Encontro Técnico de Secretarios de Consellos Sociais:*

O Secretario do Consello asistiu ao seguinte encontro técnico de secretarios onde tiveron lugar as seguintes mesas de traballo/ponencias:



### 26 E 27 DE XUÑO (CASTELLDEFELS)

1. Uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no desempeño habitual dos Consellos Sociais. Como facer máis con menos.
2. Plans de actuación do Consello Social. Como elaborar un bo plan de actuación no teu Consello Social.
3. Mecenado. Como desenvolver esta actividade a través do teu Consello Social. Experiencias dos Consellos Sociais.

## ASISTENCIA A OUTROS ACTOS

Entre as actividades cómpre subliñar as seguintes:

- Durante a celebración do primeiro pleno ordinario do ano, celebrado o día 19 de febreiro, fíxose a presentación de D. José María Arias Mosquera como novo Presidente do Consello Social, así como a entrega dunha placa conmemorativa ao anterior Presidente D. Manuel Puga Pereira.
- Asistencia ao acto de celebración da festividade de San Tomé de Aquino, cuxa organización recaeu este ano na Facultade de Humanidades de Lugo.

- Asistencia ao acto de investidura de Dr. Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela do catedrático de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Murcia D. Juan Manuel Escudero Muñoz, nun acto académico no que actuou como padriño o tamén profesor de Didáctica e Organización Escolar da USC D. José Felipe Trillo.
- Asistencia ao acto literario organizado pola USC con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e que este ano recaeu no poeta Xosé María Díaz Castro.
- Asistencia ao acto de toma de posesión do profesor D. Juan Viaño Rey como novo reitor da Universidade de Santiago de Compostela.
- Participación no acto de "Recoñecemento aos mellores estudantes que acadaron unha nota superior a 9 nos seus estudos", que tivo lugar no Auditorio de Galicia, e que está encadrado dentro do programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC".
- Asistencia ao acto de inauguración do curso académico do Sistema Universitario de Galicia celebrado na Universidade de Vigo
- Asistencia ao acto de inauguración do curso académico da USC celebrado no Salón Nobre de Fonseca.
- Asistencia ao acto institucional de inauguración do "Programa XXV anos da Universidade da Coruña".
- Asistencia ás "Xornadas de Fundraising e Mecenado" organizadas pola Universidade de Vigo en onde se debateron temas como: "Relación entre empresa e universidade. RSU versus RSC"; "A captación de fondos privados na universidade. A xestión do patrocinio e mecenado nas universidades españolas"; "O fundraising como unha ferramenta complementaria de financiamento público das universidades españolas"; "Asociacións e fundacións. Colectivizar os esforzos de captación de fondos. A Asociación de Amigos da UNAV"; "O papel da Administración Pública no financiamento universitario"; "Onde están os donantes para a miña universidade?" e "Presente e futuro do fundraising universitario".
- Asistencia ao encontro do economista D. Pedro Schwartz con empresarios e representantes das tres universidades galegas.

# OUTRAS ACTIVIDADES

O U T R A S A C T I V I D A D E S

## PROGRAMA NACIONAL DE PRÁCTICAS.

### Descrición do Programa de Prácticas

O Consello Social entre os seus cometidos ten a obriga de levar un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade, dentro destes cabe destacar a promoción de convenios de colaboración con entidades tanto galegas como de ámbito nacional para a realización de prácticas profesionais nelas por parte do estudantado da nosa Universidade.

As prácticas non orixinan ningún vínculo laboral entre a empresa e o estudante, senón que ámbolos dous están suxeitos a un convenio de cooperación educativa. Así mesmo poden realizarse en calquera mes do ano (incluídas as vacacións académicas) dentro do horario laboral da entidade colaboradora. En canto a horas totais das prácticas, deberán realizarse como mínimo 120 horas e ata un máximo de 500 horas por titulación.

Entre os beneficios que as empresas ou institucións poden obter coa colaboración no programa de prácticas, podemos salientar os seguintes:

- A posibilidade de realizar estudos sobre temas específicos que consideren necesarios e interesantes.
- Constitúen un medio idóneo para dispoñer de persoas capacitadas e formadas.
- Supoñen un proceso óptimo de selección.
- As empresas amplían a súa esfera de relación, o que xera un mellor coñecemento das mesmas no seu medio, favorecendo novas posibilidades de actuación.
- Colaboran coa sociedade facilitando a formación práctica dos estudantes, o que contribúe a mellorar a capacitación dos futuros directivos e profesionais.

### Características das Prácticas

O programa de prácticas está dirixido a todos o estudantado de licenciatura da Universidade de Santiago de Compostela, de calquera titulación, que teñan superados o 50 % dos créditos da titulación que cursan.

As prácticas adxudícanse en virtude das titulacións e localidades; no caso de concorrencia de varias solicitudes, pola nota media. O estudantado está cuberto polo seguro escolar durante a súa estancia na entidade colaboradora, e ao rematar o seu período de prácticas, expídese:

- Certificado curricular: no que se fai constar que o/a alumno/a realizou prácticas nunha determinada empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período de prácticas e o número total de horas realizado.
- Certificado de créditos: a razón de 1 crédito por cada 30 horas de prácticas (hai un número mínimo de horas convalidables - 120 horas - e un tempo máximo - 500 horas). Estes créditos son imputados como créditos de libre configuración.

Unha vez rematadas as prácticas, a entidade colaboradora ten que elaborar un certificado no que consten: o nome do/a alumno/a, o nome da empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período das prácticas e o número de horas realizado. Este certificado deberá enviarse: no caso de tratarse dunha empresa de Galicia á Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), e no caso de tratarse dunha empresa de fóra de Galicia, unha asociación sen ánimo de lucro, unha fundación ou dunha institución pública, ao Consello Social.

### Que deben facer as Empresas/Institucións que queiran colaborar co Programa de Prácticas

Deben dirixirse ao Consello Social ou a Confederación de Empresarios de Galicia para solicitar as follas de inscrición (ordinaria ou adxudicación directa). Existe unha documentación básica que a entidade colaboradora deberá cumprimentar para formalizar as prácticas de cada alumno: oferta de prácticas (indicación das características esenciais das prácticas ofertadas); concerto de colaboración (documento que estipula as condicións das prácticas e que asinan a entidade colaboradora, o Consello Social e, no caso de empresas galegas, a Confederación de Empresarios de Galicia); finalmente a entidade colaboradora debe emitir un certificado final das prácticas.

As entidades colaboradoras que solicitan estudantes en prácticas especificarán na súa solicitude as datas de inicio e fin das prácticas, así como o horario no que se van desenvolver.



| EVOLUCIÓN PRÁCTICAS CONSELLO SOCIAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ANO | ALUMNOS INSCRITOS | CUMPREN REQUISITOS | OFERTAS | PRÁCTICAS |
| 1995 | 839 | 511 | 150 | 89 |
| 1997 | 898 | 686 | 285 | 154 |
| 1998 | 1.456 | 1.074 | 700 | 548 |
| 1999 | 2.555 | 2.228 | 1.485 | 1.110 |
| 2000 | 3.530 | 3.308 | 2.179 | 1.626 |
| 2001 | 3.369 | 3.200 | 2.647 | 2.062 |
| 2002 | 3.082 | 2.845 | 2.570 | 1.859 |
| 2003 | 2.952 | 2.763 | 2.768 | 1.968 |
| 2004 | 2.837 | 2.736 | 3.166 | 2.217 |
| 2005 | 2.543 | 2.398 | 3.192 | 2.126 |
| 2006 | 2.604 | 2.340 | 3.150 | 1.957 |
| 2007 | 2.191 | 1.991 | 3.060 | 1.663 |

| EVOLUCIÓN PRÁCTICAS CONSELLO SOCIAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ANO | ALUMNOS INSCRITOS | CUMPREN REQUISITOS | OFERTAS | PRÁCTICAS |
| 2008 | 2.010 | 1.848 | 3.228 | 1.548 |
| 2009 | 1.645 | 1.549 | 3.161 | 1.354 |
| 2010 | 1.281 | 1.238 | 2.664 | 1.114 |
| 2011 | 1.231 | 1.207 | 2.439 | 1.135 |
| 2012 | 1.081 | 1.047 | 2.537 | 981 |
| 2013 | 729 | 708 | 2.226 | 665 |
| 2014 | 268 | 258 | 1.846 | 248 |
| TOTAL | 37.876 | 34.520 | 43.661 | 24.555 |



## BOLSAS DE COLABORACIÓN ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL PARA O CURSO ACADÉMICO 2014-2015.

| DEPARTAMENTO | BOLSAS ASIGNADAS |
|---|---|
| Medicina | 2 |
| Ciencias da Comunicación | 2 |
| Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses | 2 |
| Enfermaría | 2 |
| Didáctica e Organización Escolar | 2 |
| Estomatoloxía | 1 |
| Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica | 1 |
| Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública | 1 |
| Cirurxía | 1 |
| Pediatría | 1 |
| Química Orgánica | 1 |
| Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagoxía Social | 1 |
| Lóxica e Filosofía Moral | 1 |
| Enxeñaría Química | 1 |
| Fisioloxía | 1 |
| Física da Materia Condensada | 1 |
| Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía | 1 |
| Xeometría e Topoloxía | 1 |
| Edafoloxía e Química Agrícola | 1 |
| Produción Vexetal | 1 |
| Farmacoloxía | 1 |
| Patoloxía Animal | 1 |
| Física de Partículas | 1 |
| Zooloxía e  Antropoloxía Física | 1 |
| Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral | 1 |

| DEPARTAMENTO | BOLSAS ASIGNADAS |
|---|---|
| Física Aplicada | 1 |
| Socioloxía | 1 |
| Didáctica das Ciencias Experimentais | 1 |
| Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía | 1 |
| Historia da Arte | 1 |
| Bioloxía Celular e Ecoloxía | 1 |
| Microbioloxía e Parasitoloxía | 1 |
| Electrónica e Computación | 1 |
| Filosofía e Antropoloxía Social | 1 |
| Química Física | 1 |
| Ciencia Política e da Administración | 1 |
| Ciencias Morfolóxicas | 1 |
| Enxeñaría Agroforestal | 1 |
| Estatística e Investigación Operativa | 1 |
| Botánica | 1 |
| Economía Financeira e Contabilidade | 1 |
| Bioquímica e Bioloxía Molecular | 1 |
| Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía | 1 |
| Historia Contemporánea e de América | 1 |
| Filoloxía Inglesa e Alemá | 1 |
| Didáctica Lingua e Literatura e das Ciencias Sociais | 1 |
| Filoloxía Galega | 1 |
| Ciencias Clínicas Veterinarias | 1 |
| Lingua Española | 1 |
| Matemática Aplicada | 1 |
| Xeografía | 1 |
| Dereito Público e Teoría do Estado | 1 |

| DEPARTAMENTO | BOLSAS ASIGNADAS |
|---|---|
| Dereito Público Especial | 1 |
| Historia I | 1 |
| Economía Cuantitativa | 1 |
| Economía Aplicada | 1 |
| Psicoloxía Evolutiva e da Educación | 1 |
| Química Inorgánica | 1 |
| Xenética | 1 |
| Análise Matemática | 1 |
| Latín e Grego | 1 |
| Dereito Común | 1 |
| Dereito Mercantil e do Traballo | 1 |
| Filoloxía Francesa e Italiana | 1 |
| Organización de Empresas e Comercialización | 1 |
| Fundamentos da Análise Económica | 1 |
| Álxebra | 1 |
| Historia e Institucións Económicas | 1 |
| Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | 1 |
| Historia Medieval e Moderna | 1 |
| Psicoloxía organizacional, xurídico-forense e metodoloxía das ciencias do comportamento | 1 |
| Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal | 1 |
| Fisioloxía Vexetal | 1 |
| TOTAL | 78 |

## OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU O CONSELLO SOCIAL

### *Bolsas de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (BOLSAS SPIU)*

O programa de bolsas SPIU leva funcionando na USC dende o curso 2003-2004 e están destinadas ao estudantado da Universidade que realizan tarefas de apoio ao Plan de Desenvolvemento Sostible nos centros docentes da USC, convocándose unha bolsa por centro (33 bolsas).

A avaliación e selección das solicitudes é realizada por unha Comisión Avaliadora, que ten en conta a formación e experiencia acreditadas polos solicitantes no desenvolvemento de actividades de sostibilidade, participación social e integración universitaria así como do contido dunha memoria coas súas achegas sobre actuacións de sostibilidade no centro docente solicitado.

As obrigas asociadas á concesión da bolsa consisten na participación en actividades formativas organizadas dende a Oficina de Desenvolvemento Sostible, e especificamente deseñadas para este programa, a realización das actividades relacionadas coa sostibilidade, participación e integración universitaria nos centros docentes aos que están adscritos, e a participación nas reunións de coordinación para o correcto desenvolvemento do programa. Para o desenvolvemento das obrigas asociadas á bolsa é necesario unha dedicación de 4 horas semanais, procurando a compatibilidade coas súas obrigas docentes.

O Consello Social no pleno do 22 de setembro decidiu colaborar un ano máis coa Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social na financiación das bolsas SPIU.

### *Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos da USC (CIARCUS)*

O Centro dedica a súa actividade ao coñecemento e investigación dos conflitos que lle chegan para a súa resolución, prestando especial atención aos que presenta a institución universitaria, en canto ten unhas peculiaridades propias que provocan unha conflitividade específica e distinta á doutros sistemas e organizacións humanas, de feito pode apuntarse que as causas dos conflitos que de ordinario xorden no ámbito universitario, contan con orixes tamén moi diferentes: de carácter colectivo, entre a organización e os seus traballadores; de ámbito inter-profesional, entre os diversos profesionais así como entre colectivos e grupos profesionais; e finalmente, de ámbito organizacional: entre distintas entidades universitarias.

CIARCUS conta con distintos tipos de servizos:

- Servizo de Mediación Universitaria

  O Servizo de Mediación Universitaria proporcionará asistencia á súa comunidade co gallo de vencer as dificultades xurdidas do normal funcionamento da interacción interpersoal nunha organización complexa.

Con este obxecto, o equipo mediador acometerá unha análise da problemática específica para, así, axeitar a posterior intervención ás específicas necesidades derivadas do conflito.

Constitúe un lugar común que a inacción ante as controversias no ámbito universitario repercute negativamente, non só na produtividade da institución, senón tamén e moi especialmente na satisfacción dos seus membros. Xa que logo, no caso de que as particularidades do conflito tiveran difícil acomodo coa estrutura e morfoloxía da mediación, o equipo estudará a posibilidade de abordar o caso mediante algún outro método de resolución alternativa de conflitos.

- Servizo de Mediación Familiar

A través do Servizo de Mediación Familiar, o equipo mediador intervirá en todos aqueles casos do referido ámbito nos que se achen implicadas e implicados tanto membros da comunidade universitaria, como persoas alleas á mesma.

Intervirase pois, co gallo de analizar, focalizar e xestionar o conflito para que as partes, protagonistas absolutas do procedemento, alcancen, de ser o caso, un acordo consensuado que satisfaga as súas necesidades.

- Servizo de Mediación Civil y Mercantil

A través do Servizo de Mediación Civil e Mercantil, o equipo mediador intervirá en todos aqueles casos do referido ámbito nos que se achen implicadas e implicados tanto membros da comunidade universitaria, como persoas alleas á mesma.

Intervirase pois, co gallo de analizar, focalizar e xestionar o conflito para que as partes, protagonistas absolutas do procedemento, alcancen, de ser o caso, un acordo consensuado que satisfaga as súas demandas.

- Servizo de Mediación Comunitaria

A través do Servizo de Mediación Comunitaria, o equipo mediador intervirá en todos aqueles casos do referido ámbito nos que se achen implicadas e implicados tanto membros da comunidade universitaria, como persoas alleas á mesma.

Intervirase pois, co gallo de analizar, focalizar e xestionar o conflito para que as partes, protagonistas absolutas do procedemento, alcancen, de ser o caso, un acordo consensuado que satisfaga as súas necesidades.

- Servizo de Mediación Escolar

A través do Servizo de Mediación Escolar, o equipo mediador intervirá en todos aqueles casos do referido ámbito nos que se achen implicadas e implicados tanto membros da comunidade universitaria, como persoas alleas á mesma.

Intervirase pois, co gallo de analizar, focalizar e xestionar o conflito para que as partes, protagonistas absolutas do procedemento, alcancen, de ser o caso, un acordo consensuado que satisfaga as súas necesidades.

- Servizo de asesoramento na prevención e xestión de conflitos en diferentes contextos

Para alén do xa referido en relación á abordaxe e tratamento do conflito, naqueles casos nos que sexa por unha cuestión de multilateralidade, sexa porque o conflito aínda non pode ser considerado como tal por estar larvado ou latente, o servizo intervirá para previr o escalamento ou "estancamento" da controversia e afondar, deste xeito, na cultura da paz.

O Consello Social no pleno do 22 de maio decidiu realizar unha colaboración económica no Centro.

### *Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC"*

No pleno do 1 de abril o Consello Social decidiu manter una ano máis a colaboración económica co Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC".

Este Programa pretende dar a coñecer a USC a todo o estudantado de ensino medio, para elo diverso profesorado da nosa institución, así como alumnado e persoal de administración e servizos, se desprazan aos centros de ensino medio onde se lles presenta e explica aos estudantes as titulacións da nosa Universidade. Ademais das xuntanzas cos/as rapaces/as, tamén se teñen diversas reunións cos seus pais e nais, así como co persoal director e orientador dos centros. Por último rematase cun acto de recoñecemento aos mellores estudantes de centros de ensino medio de Galicia.

# EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

EXECUCIÓNDOORZAMENTO
DOCONSELLOSOCIAL



*Celebración dun pleno*

## CRÉDITO DEFINITIVO .......... 200.900

CRÉDITO INICIAL .......... 200.000
REMANENTES AÑO ANTERIOR .......... 900

## EXECUCIÓN DO ORZAMENTO .......... 200.900

GASTOS DEFINITIVOS .......... 156.714,73
CAPÍTULO II .......... 135.714,73
CAPÍTULO IV .......... 21.000
CRÉDITO DISPOÑIBLE .......... 44.185,27

AUDITORÍAFINANCEIRAEDE
LEGALIDADEDAUNIVERSIDADE

# AUDITORÍA FINANCEIRA E DE LEGALIDADE DA UNIVERSIDADE



*Celebración dunha sesión do Consello Social*

*Carta de publicidade dos informes correspondentes ao exercicio 2013 remitida pola empresa auditora ATD Auditores Sector Público S.L.:*

*La empresa auditora* ***ATD Auditores Sector Público, S.L****, con fecha 14 de mayo de 2014 emitió el informe de auditoría de las cuentas anuales de* ***UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA*** *referidas al ejercicio 2013 en el que expresó una opinión favorable.*

*Asimismo, la misma empresa auditora* ***ATD Auditores Sector Público, S.L,*** *emitió informe de auditoría de las cuentas anuales correspondientes al ejercicio 2013 de las siguientes sociedades:*

- *Con fecha 14 de mayo de 2014 emitió el informe de auditoría correspondiente a* ***SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, S.L.U****, en el que expresó una opinión favorable.*
- *En fecha 30 de mayo de 2014 emitió el informe de auditoría correspondiente a* ***CURSOS INTERNACIONAIS DA UNIVERSIDADE DE COMPOSTELA, S.A****, en el que expresó una opinión favorable.*
- *En fecha 14 de mayo de 2014 emitió el informe de auditoría correspondiente a* ***SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, S.L****, en el que expresó una opinión favorable.*

M A R C O N O R M A T I V O

# MARCO NORMATIVO

## DO CONSELLO SOCIAL DA USC

- Orde do 5 de agosto de 2014 pola que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 159, do 22 de agosto de 2014)

## DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014)

## DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG nº 125, do 3 de xullo de 2013)
- Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se dispón a publicación do acordo asinado polas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria e polas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2011)
- Resolución do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón unha addenda ao acordo asinado polas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria e polas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 (DOG nº 9, do 13 de xaneiro de 2012)
- Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 234, do 9 de decembro de 2011)
- Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2012)
- Decreto 103/2012, do 22 de marzo , polo que se regula o procedemento para a designación dos representantes de organizacións sindicais nos consellos sociais da universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG nº 64, do 2 de abril de 2012)

## NORMATIVA XERAL

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE nº 397, do 24 de decembro de 2001), modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE nº 89, do 13 de abril de 2007)
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable (BOE nº 55, do 5 de marzo de 2011)
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (BOE nº 131, do 2 de xuño de 2011)
- Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE nº 318, do 31 de decembro de 2010)

## DE ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS

- Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE nº 224, do 18 de setembro de 2003)
- Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ó Título (BOE nº 218, do 11 de setembro de 2003)
- Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 260, do 30 de outubro de 2007)
- Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (BOE nº 232, do 25 de setembro de 2008)
- Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE nº 190, do 6 de agosto de 2010)
- Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE nº 161, do 3 de xullo de 2010)
- Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento (BOE nº 35, do 10 de febreiro de 2011)

USC

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CONSELLO SOCIAL